



Concello do Grove

PREGO DE CONDICIÓNNS PARA A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DE CASETAS E BANCADAS LIBRES NO MERCADO MUNICIPAL DO GROVE.

CAPITULO I.-OBXECTO

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto do presente prego de condicións a adxudicación por procedemento aberto da concesión administrativa para o uso e aproveitamento das casetas e bancadas do mercado municipal, inmobile de dominio público emprazado na rúa Irmáns Otero Goday do Grove, sinaladas no plano anexo a este prego de condicións.

BANCADAS NÚMEROS: 25 e 7, Poderán ser destinados á venda de pescados, mariscos.

BANCADAS NÚMEROS 1, 5, 9, 10 e 15 : Poderán ser destinadas á venda de verduras.

BANCADAS NÚMEROS 22 e 23 : Poderán ser destinadas a calquera actividade compatible conforme á lexislación sanitaria co uso de mercado de abastos.

As bancadas a outorgar en concesión teñen unha lonxitude de 2 m.
Os postos fixos ou casetas teñen unha superficie de 12 m².

CAPITULO II.-CONDICIÓNNS TÉCNICAS

Artigo 2. Situación.

Os postos que se adxudican nesta licitación aparecen sinalados no plano que se xunta como anexo ao presente prego de condicións.

Artigo 3. Instalacións.

Os postos que se van outorgar en concesión están dotados de toma de auga e de electricidade así como desaugadoiro.

Artigo 4. Obras e instalacións adicionais.

Se se precisa algunha obra ou instalación adicional para o normal funcionamento do seu negocio, a persoa adxudicataria deberá solicitar autorización previa do Concello seguindo as normas xerais establecidas. Ditas obras correrán á súa costa.

CAPÍTULO III.- CONDICIÓNNS XURÍDICAS

Artigo 5. Obrigas do adxudicatario.

Ademais das obrigas fixadas no "Regulamento do Mercado Municipal do Concello do Grove", esixirase aos adxudicatarios as seguintes:

1º.- Aboar puntualmente a taxa establecida na correspondente Ordenanza Fiscal por ocupación do posto.

2º.- Iniciar o exercicio da súa actividade nun prazo máximo de 3 meses dende a adxudicación.

3º.- Cumprir o resto das obrigas contidas nas presentes bases, así como as que dimanen dos regulamentos e normativa específica ditada polo Concello.



Concello do Grove

Artigo 6. Exclusividade das operacións.

O posto adxudicado soamente poderá ser utilizado para exercer a actividade de venda dos produtos para os cales foi adxudicado, con expresa prohibición de realizar calquera operación doutra índole, sen autorización escrita do Concello

Artigo 7. Material e instalacións.

1.- O adxudicatario deberá incorporar ao posto para o exercicio da actividade, os útiles de traballo necesarios para a mellor prestación do servizo previa autorización do Concello.

2.- Ao extinguirse a autorización, o adxudicatario poderá retirar os útiles por el incorporados, que sexan separables, e sempre que non implique detrimento ou deterioración do posto, deixando este en perfectas condicións de uso. Tamén terá que retirar todos aqueles que o Concello estime conveniente, podendo ser retirados, no caso contrario, a custa do adxudicatario.

Artigo 8. Conservación do posto.

O adxudicatario está obrigado a manter o posto e as súas instalacións en bo estado de conservación, debendo efectuar todas as reparacións necesarias pola súa conta.

Artigo 9. Termo da autorización.

O prazo da concesión será de 10 anos, con prórrogas sucesivas de 10 anos, a solicitude da parte interesada, e ata un máximo de 50 anos, incluíndo o período inicial e as súas prórrogas. As prórrogas deberán ser solicitadas como mínimo con 30 días naturais de antelación ao remate da concesión, e ademais deberán aboar en concepto de dereitos o importe de tres mensualidades.

A autorización do posto para a explotación do negocio que se concede, extinguirase polas causas seguintes:

- A finalización do prazo orixinario da concesión.
- A renuncia do/a concesionario/a.
- O rescate da concesión polo Concello por razóns de interese público sobrevidas.
- O mutuo acordo entre Concello e o/a concesionario/a.
- O falecemento ou declaración de ausencia do titular de concesións provisionais.
- A falta de pagamento das taxas municipais de tres mensualidades consecutivas ou cinco alternas no período dun ano.
- Existencias de sancións ao/a concesionario/a, mediante unha resolución firme, por unha infracción moi grave en materia sanitaria ou disciplina do mercado.
- Perda das condicións esixidas ao/ao titular para a adxudicación da concesión.
- A imposibilidade de explotación do servizo como consecuencia de medidas adoptadas polo Concello con posterioridade.
- O incumprimento de obrigas do/a concesionario/a, tipificadas no Regulamento dos Mercados Municipais como infracción moi grave.
- A non ocupación e explotación do posto de venda, permanecendo pechado durante un mes ininterrompido ou sesenta días alternos durante o período dun ano.

En casos de imposibilidade transitoria do/a concesionario/a para o exercicio da actividade propia do posto, principalmente por causa de enfermidade ou similares, debidamente xustificadas, o Concello poderá permitir o peche do posto por petición do/a titular cando non exista unha persoa dependente do/a concesionario/a que poida atender a súa explotación. Esta autorización deberá solicitarse cando o peche supere os 15 días e non exceda de dous meses, e poderá prorrogarse o devandito peche ata 6 meses en supostos excepcionais debidamente xustificadas.



Concello do Grove

Para a resolución da concesión do posto de venda, deberá tramitarse o procedemento regulamentario.

A extinción da concesión, mediante unha resolución motivada, non determina que o/a seu/súa titular teña dereito a indemnización ningunha.

Artigo 10. Réxime disciplinario.

O adxudicatario quedará sometido ao réxime disciplinario establecido no "Regulamento do Mercado Municipal do Concello do Grove e as normas complementarias que se diten.

CAPITULO IV. -CONDICIÓNS DA LICITACIÓN

Artigo 11. Concorrentes

Poderán tomar parte na poxa as persoas naturais ou xurídicas interesadas, que se encontren en plena posesión da súa capacidade de obrar e non estean comprendidas en ningún dos casos de excepción sinalados no Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público e demais disposicións legais de aplicación, e particularmente as previstas no "Regulamento do Mercado Municipal do Concello do Grove".

Os postos non lles poderán ser adxudicados conxuntamente a dous ou máis persoas físicas ou xurídicas. Cada concesionario/a non poderá ser titular, directo ou indirectamente, de máis de tres postos fixos ou bancadas.

Non poderán optar á concesión administrativa de postos, ademais das incursas por lei en prohibición de contratar coas administracións municipais, aquelas persoas ás que lles fose revogada ou anulada unha concesión anterior como consecuencia de sancións por faltas moi graves. Esta imposibilidade para contratar terá un período de duración de polo menos 4 anos.

Artigo 12. Contido da solicitude.

O licitador presentará un sobre coa inscrición: "Proposición para tomar parte na adxudicación da explotación do posto fixo número [indicar o número solicitado] do Mercado Municipal do Grove" xunto coa a súa identificación, dentro deste sobre figurarán dous sobres pechados:

SOBRE A. Denominado "DOCUMENTACIÓN", que conterá:

a) No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade.

No suposto de concorrer como empresarios persoas xurídicas, a capacidade de obrar dos acreditarase mediante escritura de constitución e de modificación, se é o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constan as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

b) Declaración responsable de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP e de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

c) Poder bastante para o efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co art.º 94.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.



Concello do Grove

d) Solvencia económica e financeira:

Acreditará mediante certificación positiva dunha entidade bancaria ou financeira de que ao seu xuízo o licitador ten solvencia económica bastante para a execución deste contrato no caso de resultar adxudicatario ou por calquera das formas establecidas para estes efectos polo TRLCSP.

e) Solvencia técnica e profesional:

Acreditará cunha relación dos principais servizos obxecto do contrato realizado como máximo nos últimos 3 anos e medios persoais e materiais cos que conta a empresa.

SOBRE B, denominado "PROPOSICIÓN ECONÓMICA", conterà:

- Breve memoria explicativa da actividade comercial que desenvolverá o solicitante.
- Proposta económica debidamente asinada e redactada conforme ao modelo anexo ao presente prego de condicións.

Artigo 13. Garantías.

A garantía definitiva fíxase o equivalente do cinco por cento (5%) do prezo de adxudicación, podendo prestarse en calquera das modalidades admitidas pola lexislación de Réxime Local.

Artigo 14. Forma de licitación e condicións de pagamento.

A adxudicación realizarase por procedemento aberto co único criterio de adxudicación do prezo ofertado á alza, sendo o prezo mínimo de licitación o seguinte:

Postos fixos ou casetas: 63 euros por metro cadrado de posto fixo ou caseta.

Bancadas: 250 euros por bancada.

O pagamento do prezo ofertado, farase efectivo da seguinte forma:

- O 30% no momento de subscripción do correspondente contrato.
- O 70% restante dentro dos 21 días seguintes a partir da data anterior.

Artigo 15. Presentación de proposicións

O sobre contendo a documentación, deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello, de 9 a 14 horas durante o prazo de 15 días naturais contados a partir da publicación do anuncio de licitación a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, tamén se poderá remitir por correo coas condicións establecidas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. En caso de rematar o prazo en sábado ou festivo, prorrogarase ao día hábil inmediato seguinte.

Artigo 16. Apertura de plicas.

O acto de apertura de plicas será público e celebrarase no Concello, ás 13 horas do 3º día hábil seguinte, non sábado, do de finalización do prazo de presentación de proposicións, ante unha Mesa composta polo Alcalde-Presidente da Corporación, ou concelleiro en quen delegue como presidente. O Secretario, o Interventor Municipal e a Concelleira delegada de Mercados como vogais e como Secretario un funcionario municipal a designar pola alcaldía.

Constituída a Mesa de Contratación, procederase á apertura dos sobres segundo orde de presentación. Seguidamente procederase a efectuar proposta de clasificación das ofertas polo orde da economicamente máis vantaxosa.

Os ofertantes poderán proceder á elección do posto ou bancada concretos que desexen ocupar, de entre os que son obxecto de poxa, polo orde que resulte na proposta de clasificación das ofertas.

Artigo 17. Adxudicación e Formalización.

O órgano competente para adxudicación do contrato para axilizar o procedemento de



Concello do Grove

adxudicación e de conformidade co establecido no artigo 8 do Regulamento do Mercado Municipal do Concello do Grove é a Xunta de Goberno Local.

Acordada pola Xunta de Goberno Local a clasificación das ofertas, e asignados os postos concretos conforme ao establecido no artigo anterior, o proposto como adxudicatario estará obrigado a presentar (salvo que o efectúase) a seguinte documentación:

a) Certificación administrativa expedida polo órgano competente, acreditativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (art.º 151 do TRLCSP). Entenderase que as empresas se encontran ao corrente cando concorran as circunstancias sinaladas nos artigos 13 e 14 do RXCAP.

b) Fianza definitiva do 5 por 100 (cinco por cento), do importe de adxudicación.

Efectuada a adxudicación pola Xunta de Goberno Local, a formalización do contrato efectuarase dentro dos 15 días hábiles seguintes a contar dende o seguinte o da notificación da adxudicación.

Cando por causas imputables ao contratista, non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo sinalado, resolverase o mesmo con perda da fianza e indemnización dos danos e prexuízos ocasionados, podendo adxudicarse o licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

Artigo 18. Dereito aplicable.

En todas as cuestións non previstas no presente prego de condicións, e nas disposicións nel enumeradas, o adxudicatario quedará suxeito a seguinte normativa:

a) Regulamento do Mercado Municipal do Concello do Grove publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 21 de maio de 2013.

b) Normas específicas que sexan ditadas polo Concello.

c) Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) aprobado por R.D. Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas (RXCAP), aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro; Lexislación de Réxime Local e subsidiariamente lexislación do Estado que sexa de aplicación.

O Grove, 25/10/2017

O Alcalde

José A. Cacabelos Rico

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 Pontevedra. Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Concello do Grove

MODELO DE PROPOSICIÓN

D/Dna.....

veciño/a de

domiciliado/a en.....

provisto/a de DNI..... obrando en nome propio (ou en

representación de):.....

coñecedor/a do prego de condicións aprobado polo Concello do Grove para rexer na

"Adxudicación de postos do Mercado Municipal do Grove", solicita.....

..... para destinalo a,

acepta de forma incondicional as cláusulas do devandito prego, declara baixo a súa responsabilidade que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coas administracións públicas, e comprométese a aboar como prezo de entrada a cantidade de:

..... (*en letra e en número*), por cada bancada á que opta ou por cada metro cadrado de caseta ou posto/s fixo/s ou caseta/s aos que opta).

O Grove,.....

(data e firma)